

Bases do I Concurso de Decoración de Balcóns e Ventás do Conxunto Histórico de Tui

Os balcóns toman vida.

O Excmo. Concello de Tui, a través das Concellerías do Conxunto Histórico e Rehabilitación e Parques e Xardíns, convoca o Concurso de Decoración en Balcóns e Ventás do conxunto histórico tudense.

Con este concurso preténdese chamar a atención sobre a contribución que os cidadáns residentes neste ámbito histórico poden realizar á mellora estética das diversas rúas e prazas, incrementado a calidade ambiental. A ornamentación de balcóns e ventás testemuña a implicación dos veciños no incremento da calidade estética deste espazo patrimonial e incrementa o seu valor.

Neste concurso rexeran as seguintes bases:

Primeira.- Poderán participar neste Concurso tódalas persoas propietarias ou arrendatarias de vivendas e establecementos de hostalería con balcóns, ventás ou elementos que reúnan as condicións necesarias para ser decorado sen que isto supoña ningún perigo para a integridade e conservación do inmovible nin para as persoas e bens do Conxunto Histórico. A organización non é responsable dos posibles danos ocasionados por unha deficientes condicións dos espazos ou da ornamentación.

Non poderán participar no concurso as administracións e empresas públicas.

Segunda.- O concurso terá lugar do 1 de xuño ao 27 de xullo de 2012. Nese período o balcón, ventá ou elemento terá que permanecer decorado para facilitar que a organización poida realizar en calquera momento as fotografías do elemento decorado co se participa no concurso. Todas estas fotografías serán propiedade exclusiva da organización que poderá utilizalas libremente. As fotografías hanse expoñer na web www.concellotui.org e nunha exposición que se realizara oportunamente coa colaboración da Fototeca -estudio taller de fotografía- sito en Rúa Porta da Pía 2.

Terceira.- As inscricións no concurso terán que realizarse entre o 14 e o 31 de maio por algúns destes procedementos:

- No Excmo. Concello de Tui, en impreso normalizado para este fin, en horario de 9:00 a 14:00 horas.
- Na Floristeria La Flor, Floristería Rita e Fototeca -estudio taller- de fotografía segundo impreso normalizado.

Nas inscricións do concurso hai que achegar a seguinte documentación e información:

- Nome completo e número de DNI do/a concursante e o seu enderezo.
- Número de teléfono de contacto e enderezo de correo electrónico.
- Situación exacta do balcón ou ventá que se presente ao concurso con todos os datos para a súa perfecta localización.

Aos participantes facilitaráselles un distintivo que recollerán no Concello, na Fototeca ou nas Floristerías colaboradoras e que terá que exhibirse nun lugar visíbel en todos os balcóns e ventás que participen no Concurso.

Cuarta.- O xurado realizará a avaliación dos balcóns, ventás e elementos decorados durante o período do concurso. Os premios entregaranse nun acto convocado ao efecto.

Quinta.- O xurado terá en conta, entre outros, os seguintes criterios:

- O estado de conservación e mantemento do balcón
- A orixinalidade da ornamentación e a innovación dos elementos accesorios
- A harmonía no crecemento das plantas
- A combinación de cores e o seu valor estético
- A variedade, calidade, perdurabilidade e innovación dos elementos vexetais

Sexta.- O xurado estará formado por:

- Os concelleiros-delegados de Conxunto Histórico e Parques e Xardíns
- Un/ha técnico do Departamento da Oficina de Rehabilitación
- Dous representantes das floristerias colaboradoras do Concurso.
- Un representante da Fototeca.
- Un xornalista da RMT.

O fallo do xurado será inapelábel. O xurado poderá declarar desertos todos os premios ou algúns deles en caso de non reunir a calidade suficiente.

Sétima.- Establécense os seguintes premios:

- 1º premio. Diploma, cheque de 200€ e cheque de compra de plantas e materiais de xardinería por valor de 100€
- 2º premio. Diploma, cheque 100€ e cheque de compra de plantas e materiais de xardinería por valor de 75€
- 3º premio. Diploma, cheque de 50€ e cheque de compra de plantas e materiais de xardinería por valor de 50€
- Premio Especial ó mellor establecemento de hostalería. Diploma e cheque de compra de plantas e materiais de xardinería por valor de 60€.

Os cheques de compra serán para gastar nos establecementos de xardinería colaboradores de concurso.

O xurado poderá conceder as mencións ou accésits que estime pertinentes, que carecen de dotación económica ou de material.

Oitava.- Normas finais:

1.- O feito de participar no concurso implica o coñecemento e a aceptación por parte de todos os concursantes das presentes bases, motivo polo cal non poderán impugnalas unha vez formalizada a presentación.

2.- En todo o non previsto nestas Bases os órganos competentes do Concello de Tui quedarán facultados para resolver as dúbidas que se presenten e chegar aos acordos necesarios para o bo desenvolvemento do concurso.

ANEXO

Co obxectivo de fomentar a participación no Concurso, as Concellerías convocantes organizan unha **CHARLA DE INTRODUCCIÓN AO CULTIVO DE PLANTAS E DECORACIÓN DE BALCÓNS E VENTÁS** que terá lugar o xoves, 25 de maio, ás 20 h. no edificio do Cárcere Vello, sito na rúa Sanz.

As inscricións á charla poden formalizarse a partir do 14 de maio, no Concello ou nas Floristerías colaboradoras do concurso (Floristería La Flor e Floristería Rita). O cursiño, de carácter gratuíto, terá unha duración de 1 hora.